

## A mexicana Lydia Cacho, nomeada pola AELG 'Escritora Galega Universal' de 2023

A xornalista e escritora con raíces galegas é unha firme defensora dos dereitos humanos e activista do movemento feminista. Foi detida após publicar un libro que recollía testemuñas de sobreviventes dunha rede de prostitución infantil dirixida por políticos e empresarios.



Lydia Cacho. (Foto: Europa Press)



REDACCIÓN  
05/01/23 15:00

A xornalista e escritora mexicana **Lydia Cacho** vén de ser nomeada Escritora Galega Universal de 2023, unha distinción outorgada pola Asociación de

Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG). Cacho, con raíces galegas, é recoñecida "desde o profundo respecto e afecto á súa persoa e a valoración da altísima calidade da súa obra".

Así, a [AELG](#) salienta nun comunicado que a escritora, firme defensora tamén dos dereitos humanos e activista do feminismo, **informou amplamente do feminicidio en Ciudad Juárez** entre os anos 90 e 2000, e iniciado o presente século foi cofundadora do Centro de Atención Integral á Muller, especializado en atención a mulleres, nenos e nenas vítimas de violencia doméstica e sexual.

En 2005, lembra esta entidade, foi detida en Cancún por axentes da policía xudicial de Puebla, "por causas derivadas da publicación do seu libro *Os demos do Edén*, unha investigación que recolle os **relatos testemuñais de sobreviventes dunha rede de prostitución infantil**, dirixida por políticos e empresarios".

O Comité de Dereitos Humanos da ONU recoñeceu este suceso como **vulneración dos dereitos humanos**, especialmente das mulleres, no sistema de xustiza, ao tempo que solicitou ao Estado mexicano a reparación do delito de difamación causado á xornalista, subliña a AELG.

Na súa dilatada traxectoria Lydia Cacho escribiu máis dunha ducia de libros, desde a poesía até a ficción, derivados dos seus coñecementos e experiencias persoais. Dentro da súa extensa obra, traducida a francés, inglés, alemán, portugués, italiano, holandés, croata, sueco ou turco, salientan un manual de prevención do maltrato infantil ou ensaios sobre o tráfico sexual, a escravitude ou a pornografía infantil.

En anteriores edicións, lembra a AELG, recibiron este nomeamento as escritoras e escritores Mahmud Darwix, Pepetela, Nancy Morejón, Elena Poniatowska, Juan Gelman, Antonio Gamoneda, José Luis Sampedro, Lída Jorge, Bernardo Atxaga, Luiz Ruffato, Pere Gimferrer, Hélia Correia, Isabel-Clara Simó, María Teresa Horta, Mariasun Landa, José Luandino Vieira e Ana Luísa Amaral.